



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Resolución pola que se nomea ao persoal funcionario integrante do comité anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (CADECOR). Plan PREMADECOR, BOP nº 125, do 4 de xullo de 2022.

ANUNCIO

Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, ditou a resolución núm. 2022/30880, do 5 de xullo de 2022, do teor seguinte:

Visto o Plan de prevención de riscos e medidas anti-fraude que vén de aprobar o Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 23 de xuño de 2022 e que foi publicado no BOP 125 do día 4 de xullo de 2022 (PLAN PREMADECOR), polo que se crea un órgano colexiado de carácter técnico para a correcta aplicación das medidas previstas en dito Plan, denominado COMITÉ ANTI-FRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (CADECOR).

En execución do disposto no apartado 4.1 do PLAN PREMADECOR e logo de consultar coa Secretaria xeral, co Interventor xeral e cos xefes dos Servizos de Administración electrónica, Patrimonio e Contratación, Promoción económica e Desenvolvemento territorial e Medio ambiente,

RESOLVO

PRIMEIRO. Designar membros integrantes do CADECOR ás seguintes persoas funcionarias:

- DONA MARÍA AMPARO TABOADA GIL E DON MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ, por parte da Secretaría xeral.
- DON JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA E DON JUAN BAUTISTA SUÁREZ RAMOS, por parte do órgano interventor.
- DON MIGUEL LORENZO TURBÓN E DON PABLO RAMOS GONZÁLEZ, por parte do Servizo de Administración electrónica.
- DON LUIS JAIME RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, DONA MARÍA LAUDA PAN E DONA BEATRIZ MÉNDEZ LÓPEZ, por parte do Servizo de Patrimonio e Contratación.
- DON MANUEL VÁZQUEZ SESMONDE, do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio ambiente, e DON RAFAEL DIAZ AGUADO-JALÓN, do Servizo de Promoción Económica.

SEGUNDO.- O órgano adecuará toda a súa actuación e funcionamento ao disposto na Sección terceira do capítulo II do Título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público, debendo estar constituído por un membro da Secretaría xeral, un membro do órgano interventor, un membro do Servizo de Administración electrónica, un membro do Servizo de Patrimonio e Contratación e un membro pertencente ao Servizo de Desenvolvemento territorial e Medio ambiente ou ao Servizo de Promoción económica. En función da carga e distribución do traballo en cada momento, das posibles causas de abstención, ausencia ou enfermidade, o superior xerárquico de cada órgano ou servizo designará á persoa funcionaria que integrará o órgano en cada sesión convocada.

TERCEIRO.- A primeira sesión de traballo queda convocada para as 12 horas do día 27 de xullo de 2022, que terá lugar na Sala de comisións do Pazo provincial. Nesta sesión realizarase a proposta do membro que deba exercer a presidencia do órgano colexiado, así como as normas de funcionamento interno, para o efecto da ulterior aprobación por resolución desta Presidencia. En todo caso, corresponderanlle ao membro da Secretaria as funcións legalmente reservadas a este órgano na vixente lexislación de réxime local.

CUARTA.- Notificar a presente resolución ás persoas designadas no apartado primeiro e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina de transparencia da sede electrónica.

RECURSOS:

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á súa notificación. Con carácter previo, poderase interpor recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir da notificación, sen que poidan simultanearse ambos os dous recursos. No caso de que se presente recur-

so potestativo de reposición, non poderá interporse o recurso contencioso-administrativo antes de que se resolva aquel ou, no caso de falla de resolución expresa, ata que teña transcorrido un mes dende a interposición do recurso de reposición. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

A Coruña, 7 de xullo de 2022.

O presidente, Valentín González Formoso

A secretaria xeral, Amparo Taboada Gil

2022/4335